



## **CIRCULAR 21-2025.**

### **XL CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO EN PISTA CURTA**

**Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Campionato Xunta de Galicia Absoluto o 2 de febreiro de 2025, a celebrar na pista curta de Expourense (Ourense).**

**Art.2).- Poderán participar atletas dende Sub 16 en adiante con licenza na presente tempada pola FGA\*.**

- Número máximo de atletas por proba e marcas mínimas de inscrición:

	Número máximo de atletas por proba	MARCAS MÍNIMAS para a REALIZACIÓN DE INSCRICIÓN	
		HOMES	MULLERES
60	32	7.62	8.89
100		11.86	13.90
200	24	24.18	28.47
400	18	53.76	1:05.95
800	16	2:06.95	2:36.61
1500	20	4:23.52	5:28.39
3000	12	9:28.67	11:53.87
5000		16:15.26	20:38.27
60v	24	9.58	10.86
110v/100v		16.94	17.72
Altura	12	1.64	1.36
Pértega	12	3.14	2.48
Lonxitude	12	5.95	4.61
Triplo	12	12.07	9.34
Peso	12	9.52	8.60

\*A dirección técnica da FGA poderá admitir a participación de atletas con licenza nacional por outras autonomías, debendo abonar a cota de inscrición de 10 euros por atleta unha vez admitidos. Nas probas con semifinais non poderán acceder ás finais, mentres que nos concursos só poderán acceder á mellora no caso de non quitar praza a atletas con licenza FGA. Solicitudes a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)

#### **Limitacións atletas Sub 16 e Sub 18:**

- Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas.
  - No caso de participar en 2 carreiras, só unha poderá superar os 200 metros.

**Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns 27 de xaneiro.**

- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025.



**Art.4).- Prazos de comunicación de baixas.**

- Rematará ás 20:00 horas do mércores 29 de xaneiro e serán remitidas a [eventos@atletismo.gal](mailto:eventos@atletismo.gal)
- Pasado este prazo, as persoas que non cumpran co establecido no Art.2, serán axustadas á normativa pola Dirección Técnica, eliminando tantas inscricións como sexa preciso.

**Art.5).- Nos lanzamentos e saltos horizontais haberá mellora.**

**Art.6).- Distancias das táboas de batida no triplo:**

- **Mulleres:** 9 e 11m. (se ningunha atleta quere táboa de 11, poderase poñer a 10m)
- **Homes:** 11 e 13 m.

**Art.7).- Cadencias nos saltos verticais.**

<b>Altura Mulleres</b>	1.32 – 1.37	de 4 en 4 ata 1.57 – 1.60 – 1.63 e de 2 en 2 cm.
<b>Altura Homes</b>	1.61 – 1.66	de 4 en 4 ata 1.82 – 1.85 – 1.88 – 1.91 e de 2 en 2 cm.
<b>Pértega Mulleres</b>	2.36 – 2.56 – 2.71 – 2.86 – 3.01	de 10 en 10 ata 3.71 e de 5 en 5 cm.
<b>Pértega Homes</b>	3.01 – 3.21 – 3.41 – 3.61 – 3.76 – 3.91	e de 10 en 10 cm.

**Art.8).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.**

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

**Art.9).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba.**

**Art.10).- Cámara de chamadas.**

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

**Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.**

<b>SAÍDA A PISTA</b>	
<b>Minutos antes da hora oficial da proba</b>	
<b>Carreiras (semifinais)</b>	<b>5'</b>
<b>Carreiras (finais)</b>	<b>7'</b>
<b>Valos</b>	<b>9'</b>
<b>Concursos</b>	<b>25'</b>
<b>Pértega*</b>	<b>35'</b>

\*No caso de haber máis de 8 atletas admitidos, a saída a pista realizarase 50' antes da hora oficial da proba.



**Art.11).- Un atleta pode ser excluído de participar en tódalas probas posteriores da competición, incluídas aquelas nas que estea participando nese intre, nos seguintes casos:**

- Estando admitido para unha proba e, non comunicada a súa baixa nos prazos establecidos no artigo 4 do presente regulamento, non tome parte da mesma.
- Estando clasificado para unha ronda posterior, non tome parte da mesma.

**Art.12).- Horario** (poderá ser modificado en función das inscricións)

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO					
HORA	CARREIRAS		S. HORIZONTAIS	SALTOS VERTICAIS	PESO
10:45	3000 Homes				Peso Mulleres
11:00	3000 Mulleres			Pértega Mulleres	
11:20	60 Homes	Semifinal			
11:26	60 Homes	Semifinal			
11:30			Triplo Mulleres		
11:32	60 Homes	Semifinal			
11:38	60 Homes	Semifinal			
11:44	60 Mulleres	Semifinal			
11:50	60 Mulleres	Semifinal			
11:56	60 Mulleres	Semifinal			
12:02	60 Mulleres	Semifinal			
12:10	800 Homes	Final B			
12:15				Altura Homes	
12:18	800 Homes	Final A			
12:26	800 Mulleres	Final B			
12:34	800 Mulleres	Final A			
12:45	60 Homes	Final B			
12:53	60 Homes	Final A			
13:01	60 Mulleres	Final B			
13:09	60 Mulleres	Final A			
13:10			Triplo Homes		
13:20	400 Homes	Final C			
13:28	400 Homes	Final B			
13:36	400 Homes	Final A			
13:44	400 Mulleres	Final C			
13:52	400 Mulleres	Final B			
14:00	400 Mulleres	Final A			



**CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO**

HORA	CARREIRAS	S. HORIZONTAIS	SALTOS VERTICAIS	PESO
16:45	60 valos H	Semifinal		Peso Homes
16:55	60 valos H	Semifinal		
17:00			Pértega Homes	
17:05	60 valos H	Semifinal		
17:15		Lonxitude Mulleres		
17:20	60 valos M	Semifinal		
17:30	60 valos M	Semifinal		
17:40	60 valos M	Semifinal		
17:50	200 Homes	Semifinal		
17:56	200 Homes	Semifinal		
18:02	200 Homes	Semifinal		
18:08	200 Homes	Semifinal		
18:15	200 Mulleres	Semifinal	Altura Mulleres	
18:21	200 Mulleres	Semifinal		
18:27	200 Mulleres	Semifinal		
18:33	200 Mulleres	Semifinal		
18:45	1500 Homes	Final B		
18:53	1500 Homes	Final A		
18:55		Lonxitude Homes		
19:01	1500 Mulleres	Final B		
19:09	1500 Mulleres	Final A		
19:20	60 valos M	Final		
19:35	60 valos H	Final		
19:45	200 Homes	Final B		
19:53	200 Homes	Final A		
20:01	200 Mulleres	Final B		
20:09	200 Mulleres	Final A		

**Art.13).- Entrega de premios:**

- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.
- Realizaranse as entregas na primeira das seguintes horas na que sexa posible, segundo teñan finalizado as probas:

<b>12:30</b>	<b>13:10</b>	<b>14:10*</b>
<b>19:00</b>	<b>19:40</b>	<b>20:10</b>

- \* Se algunha proba da mañá non rematou ás 14:00, a entrega realizarase toda vez finalice a mesma.



**Art.14).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Establécense as seguintes recargas e penalizacións:**

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal) para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo [eventos@atletismo.gal](mailto:eventos@atletismo.gal) antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

**Art.15).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.**

**A Coruña, a 14 de xaneiro de 2025**

**Yolanda González Fernández**  
**Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo**